

25/11/2022

Recollida de bugallas para estudo do grao de parasitación de *Torymus sinensis* 2022.

Principais liñas de actuación

O programa de acción da Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para a loita biolóxica contra *Dryocosmus kuriphilus*, conta con dúas liñas principais de actuación:

1. Soltas do parasito; *Torymus sinensis*, nos meses de primavera, co fin de que os parasitoides se dispersen naturalmente. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizáronse as soltas do parasito segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

No ano 2022 realizouse a solta de 1.200.150 individuos.

2. Estudo do grao de parasitación; Esta comprobación realízase recollendo bugallas, tanto de xema como de folla, que son enviadas á Estación Fitopatolóxica do Areeiro (EFA), onde comprobán, mediante a súa apertura, a presenza do parasito. Esta recollida realizarase nos meses de outono.

En total recolleranse bugallas en 1.200 puntos de mostraxe, escollidos entre os puntos onde se fixeron as soltas do parasito no ano 2022 e puntos nos que se fixo solta en anos anteriores pero que xa non se fixo no ano actual por ter unha alta recuperación de parasitos nos estudos de paralización do ano 2021.

En cada punto cóllense un mínimo de 10 bugallas, para un total de 12.000 bugallas. A elección do lugar de recollida dentro da árbore é aleatoria co fin de dispor dunha mostraxe non sesgada.

Os criterios de elección dos puntos de recollida das bugallas, están baseados na distribución homoxénea dos puntos de mostraxe, en función das soltas que se fixeron en cada cuadrícula.

- Na primaveira do 2022 realizouse a solta de **1.200.150 individuos de *Torymus sinensis***.
- Dase comezo a campaña 2022 para coñecer o grao de parasitación.
- Recolleranse 12.000 bugallas en 1.200 puntos de mostraxe.
- O criterio de elección xenéricos para a localización dos 1.200 puntos de recollida das bugallas está baseado na cuadrícula de distribución homoxénea utilizada nas soltas que se fixeron en primavera 2022.
- O reparto deses 1.200 puntos:

TABOA RESUMEN CRITERIOS RECOLLIDA BUGALLAS OUTONO 2021	
CRITERIO	Nº PUNTOS RECOLLIDA
PUNTOS NOS QUE NUNCA SE RECOLLERAN BUGALLAS	600
PUNTOS CON UN PORCENTAXE ALTO DE PARASITACIÓN NO ANO 2021	300
PUNTOS CON UN PORCENTAXE BAIXO DE PARASITACIÓN NO ANO 2021	300
TOTAL	1.200

Esta semana recolleranse bugallas en:

CUADRÍCULA	PROVINCIA	CONCELLOS
85	Ourense	Beariz
97		Avión
98		Boborás
110		Cortegada
122		Verea
123		Celanova
111		Ramirás